

**ASOCIACIÓN
PONT-UP STORE**



**EMPRENDEMENTO
E INNOVACIÓN**

BASES 2º EDICIÓN DOS PREMIOS Á INNOVACIÓN

Asociación para o emprendemento e a innovación: Pont-Up Store

- **PREMIOS Á INNOVACIÓN para as empresas asociadas**

Con motivo da celebración da **Asemblea Xeral da Asociación**, que terá lugar o vindeiro **venres 24 de abril** en horario de tarde, convidámosvos a participar na **2ª edición dos Premios á Innovación**, creados para recoñecer e promover as mellores prácticas de innovación levadas a cabo polas empresas asociadas e incentivar os seus procesos de innovación.

- **ALCANCE:**

- Os premios céntranse na **innovación de produto/servizo, comercial/marketing** ou **organizativa/estratéxica**.
- Serán válidas as candidaturas a estes premios presentadas por entidades asociadas á Asociación para o Emprendemento e a Innovación: Pont-Up Store, ben sexa individualmente ou en cooperación con outras entidades asociadas.

A **innovación de produto ou servizo** inclúe a creación ou mellora significativa dun produto ou servizo xa existente. Isto pode incluír cambios no deseño, funcionalidades, materiais, software, uso ou calquera aspecto que mellore a experiencia do cliente. O produto pode ser físico ou dixital, e debe estar implantado e introducido no mercado.

No caso da **innovación comercial e marketing** ou **organizativa e estratéxica**, afecta á forma en que a empresa opera e se relaciona co mercado ou clientes. Inclúe novas estratexias de comercialización, cambios nos procesos internos e de negocio, melloras na xestión, na comunicación ou na estrutura organizativa, así como a adopción de métodos máis eficientes para producir, distribuír ou vender.

- **PREMIOS XERAIS:**

- ✓ **1º premio** (Caixa Rural Galega): 800 €
- ✓ **2º premio** (Ramírez Construcións): 500 €
- ✓ **3º premio** (Patrocinio pendente de formalización): 200 €



- **PREMIO ESPECIAL (2026):**

- ✓ **A mellor innovación no rural galego** (Fundación Roberto Rivas): 300€

A Fundación Roberto Rivas outorgara un Premio Especial o mellor proxecto de **emprendimento Rural Innovador**, co obxectivo de recoñecer iniciativas empresariais que contribúan ó desenvolvemento do medio rural mediante propostas innovadoras, sostibles e con capacidade de xerar impacto positivo no territorio.

- **CRITERIOS DE AVALIACIÓN:** A innovación será valorada segundo os seguintes aspectos

- ✓ Proposta de valor e principais atributos diferenciadores.
- ✓ Resultados comerciais ou económicos (cualitativos).
- ✓ Tamén se considerará a orixe da oportunidade, que achega ao consumidor e ao mercado?, existencia de produtos ou solucións similares, por que escoller o voso produto/servizo e non outros?.
- ✓ No seu caso, impacto na produtividade, na eficiencia e no desenvolvemento do negocio e na escalabilidade do proxecto.

Os premios específicos **non son excluíntes** cos premios xerais. É dicir unha empresa pode levar un dos premios xerais e a maiores un específico, pola que as **cantidades serán acumulativas**.

Con relación ao **premio especial para o ámbito rural** da Fundación Roberto Rivas (procedentes de empresas asociadas que desenvolvan un proxecto/innovación fora das 7 grandes cidades de Galicia): valoraranse especialmente aqueles proxectos vencellados ó territorio rural, que aporten solucións innovadoras en ámbitos como a produción, os servizos, a transformación, a comercialización, e a tecnoloxía, así como o seu potencial para xerar emprego, dinamizar a economía local e contribuír a un medio rural máis activo e resiliente.

- **XURADO:** Formado por membros da Xunta Directiva da Asociación e, de ser o caso, por representantes doutras empresas asociadas, que non sexan candidatas os premios, ou representantes do ecosistema emprendedor.

O xurado poderá **seleccionar ata 3 candidaturas por premio**, das que se escollerán os **3 premios xerais e o/s premio/s específico/s**. As restantes poderán recibir unha mención ou distincións especiais. Así mesmo, poderá outorgar premios, mencións / distincións sectoriais **específicos** ou doutra modalidade que se considere de especial interese, ademais dos premios xerais establecidos nas bases.

- ✓ **PRAZO DE ENVÍO:** O prazo de recepción de candidaturas estará aberto ata o xoves 9 de abril (incluído).
- ✓ **ENVÍO DE PROPOSTAS:** <https://forms.gle/zWfEC2vKgAjSrfB47>
- Por empresa asociada pode haber propostas diferentes por tipo de innovación (produtos/servicio, comercial/ marketing ou por organizativa/estratéxica).
- As empresas premiadas e con recoñecementos en anteriores edicións, deberán **presentar innovacións diferentes** ás xa premiadas para poder participar.